

7. Faltas do alumnado

As faltas de asistencia ás clases deben ser xustificadas ao titor ben a través dos impresos creados para tal fin ou dunha xustificación debidamente asinada polos pais/nais ou titores legais. É necesario chamar telefonicamente para indicar que o/a alumno/a vai faltar a clase.

Así mesmo, o titor/a, no boletín académico informativo trimestral, porá todas as faltas xustificadas e inxustificadas para o seu coñecemento.

Tamén poderá comunicarlles por outros medios, segundo estime, a non asistencia ás clases.

Mensualmente, os titores/as de E.S.O. enviarán un informe de faltas de asistencia e puntualidade dos seus alumnos.

8. Transporte escolar

Agradeceríamos a súa colaboración para fomentar no alumnado o seu bo comportamento, educación e respecto no autobús. Agradecemos tamén que nos comuniquen, coa maior brevidade posible, calquera anomalía, que sobre o mesmo, puidese xurdir

9. Biblioteca

A biblioteca do centro mercou unha serie de exemplares dos libros de lectura obrigatoria para o alumnado do presente curso. Ditos libros serán obxecto de préstamo.

A petición e devolución de libros farase no tempo de recreo e será tramitada polo profesor/a de garda de biblioteca.

Poderanse emprestar un máximo de dous libros por alumno ao mesmo tempo e préstanse por un prazo de quince (15) días prorrogable, por outros quince, se non hai demanda do exemplar.

10. Axenda Escolar

Establécese o uso obrigatorio da Axenda Escolar ou block de notas para o alumnado de Primaria e Secundaria, que deberá traer ao centro conservada de forma adecuada durante o curso.

Esta axenda constitúe un instrumento de planificación que axudará aos vosos fillos/as e será canle de comunicación familias/centro educativo.

11. Conserxe

Pregámoslles que para calquera aviso ou para entregar algo a un determinado alumno/a, **se dirixan sempre ao conserxe.**

As portas de acceso ao recinto exterior do colexio **abrirán ás 8:30** horas. Durante o horario lectivo para acceder ao recinto se empregará a porta lateral do paseo marítimo. As portas de acceso ao interior do colexio permanecerán pechadas, a ser posible en horas de clase, pola seguridade do alumnado e para poder controlar as persoas que acceden ao mesmo.

OUTUBRO 2013



A Dirección do Centro e Claustro de profesores agradecen a súa colaboración para, entre todos, lograr que o Centro funcione da mellor forma posible.

NOTA

O Centro conta cun servizo de Cafetería, para toda a Comunidade Educativa (alumnos, profesores/as, nais/pais, etc...) aberta en horario lectivo e celebracións especiais.

Circular Informativa

Curso 2013 - 2014

Índice

1. Calendario do curso
2. Horario de atención ao público do Equipo Directivo
3. Titorías
4. Proxecto Abalar
5. Profesores da ESO
6. Boletíns académicos informativos
7. Faltas do alumnado
8. Transporte escolar
9. Biblioteca
10. Axenda Escolar
11. Conserxe

1. Calendario do curso

As clases para Educación Infantil, Primaria e Secundaria desenvolveranse de luns a venres de 08:45 a 13:45 horas, cun recreo para Educación Infantil, de 10:25 a 11:10; un de 11:15 a 11:45 para E. Primaria; e un de 11:50 a 12:10 para Educación Secundaria. Ademais, o alumnado de Ed. Secundaria terá clase os martes pola tarde de 16:20 a 18:00.

Segundo o disposto na Orde do 24 de maio de 2013 (DOG do 6 de xuño), as actividades lectivas (clases) rematarán o 20 de xuño para os tres niveis educativos. As vacacións de **Nadal**, abranguerán dende o 22 de decembro de 2013 ata o 8 de xaneiro do 2014, ambos os dous inclusive.

Entroido, 3, 4 e 5 de marzo de 2014.

As de **Semana Santa** desde o día 14 ata o 21 de abril de 2014, ambos os dous inclusive.

Son festivos a efectos académicos os seguintes:

31 de outubro de 2013: Día do Ensino.

Dúas datas: 5 de decembro de 2013 e 2 de maio de 2014 (pendentes de aprobación polo Consello Escolar)

2. Horario de atención ao público do Equipo Directivo

Director: todos os días, de 11:00 a 13:00 horas.

Xefa Estudos de Primaria: todos os días, de 08:45 a 09:30 horas.

Xefa Estudos de Secundaria: martes, xoves e venres de 9:35 a 11:05 h.

Secretaria: luns, martes e xoves de 11:00 a 11:50 horas.

Administrativa: todos os días de 09:00 a 13:30 e xoves 16:30 a 18:00

3. Titorías

Cada curso ten o seu profesor/a titor/a. Se o pai, nai ou titor legal do alumno/a quere unha entrevista co mesmo/a avisará, por favor, antes da visita, para unha mellor atención. Os horarios das visitas serán os seguintes:

Titores de E. Infantil e Primaria:

Todos os xoves de 17:15 a 18:00 horas

Titores de Ed. Secundaria:

1º A: Lucía Sesto Porto

luns de 11:05 a 11:50 horas.

1º B: José Varela Rodríguez

xoves de 11:05 a 11:50 horas.

2º A: Blanca López Moreno

xoves de 12:10 a 13:00 horas.

2º B: Silvia Bouza López

venres de 10:20 a 11:05 horas.

3º A: Mª Montserrat Iglesias Rivera

xoves de 10:20 a 11:05 horas.

3º B: Ana Sobrido Julías

mércores de 10:20 a 11:05 horas.

4º A: Mª Cristina Porteiro Fernández

venres de 11:05 a 11:50 horas.

4º B: María Carmen González Díaz

mércores de 12:10 a 13:00 horas.

4º P.D.C.: Xosé Luis Couce Martínez

martes de 10:20 a 11:05 horas.

Departamento de Orientación:

Mª Paz López Galego, mércores de 8:45 a 9:35 horas e xoves de 13:00 a 13:45 horas.

4. Proxecto Abalar

Os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria participarán no Proxecto Abalar da Consellería de Educación. Para ver no que consiste o citado proxecto poden visitar a seguinte páxina web

<http://www.edu.xunta.es/web/abalar>

5. Profesores da ESO

Os horarios das visitas serán os seguintes:

Ricardo Agulló Leal (Xeografía e Historia)

luns de 11:05 a 11:50

Ovidio Alejandro Mariñas (Matemáticas)

venres de 10:20 a 11:05

Ana María Barral Rodríguez (Lingua Galega)

mércores de 12:10 a 13:00

Diego Calviño Fernández (Ed. Física)

martes de 9:35 a 10:20

Mª Luz Calvo Fernández (P.T.)

martes de 12:10 a 13:00

Xosé A. Guillermo Grela, (Relixión)

venres de 10:20 a 11:05

Mª Isabel Hermida Rodríguez (Matemáticas)

martes de 11:05 a 11:50

Jacqueline López Manso (Francés)

luns de 11:05 a 11:50

Lucía Prieto Seijas (Xeografía e Historia)

xoves de 11:05 a 11:50

Mª Pilar Sánchez Pérez (Matemáticas)

mércores de 10:20 a 11:05

Mª Pilar Vázquez Castro (Lingua Galega)

mércores de 12:10 a 13:00

Purificación Vila Varela (Ciencias Naturais)

mércores de 11:05 a 11:50

6. Boletíns académicos informativos

Serán informados trimestralmente do rendemento académico do alumno/a, cun boletín que terán que asinar os pais/nais e devolver novamente ao Centro (agás ao final do curso).

As datas de entrega serán: 20 de decembro; 28 de marzo e 20 de xuño. A data de entrega do boletín de cualificacións finais dos alumnos/as de E.S.O. se comunicará oportunamente.

Os alumnos de Ed. Secundaria con materias pendentes de cursos anteriores recibirán un boletín (finais de xaneiro e finais de abril) coas cualificacións de ditas materias.